

## Xestión de Persoal

**EXPEDIENTE.-** 2021/G003/003362

**PROCEDIMIENTO.-** Tramitación de Decretos

**Asunto:** NOMEAMENTO MARÍA FERNANDA MONTERO CARRE COMO TÉCNICA DE ADMINISTRACIÓN XERAL

Na Casa do Concello de Arteixo (A Coruña), o Alcalde-Presidente, D. Carlos Calvelo Martínez, ante mín, Secretario Xeral, dita a presente

## RESOLUCIÓN

En base ás competencias do art. 21.1 da Lei 11/99 de modificación da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local e, de conformidade ao establecido polo Real Decreto Lei 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007 de 13 de abril do Estatuto do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

De conformidade ao establecido na convocatoria e bases reguladoras aprobadas por Decreto número 2237/2020 de 1 de outubro de 2020, para cobertura en propiedade de tres prazas de Técnico/a de Administración Xeral, persoal funcionario de carreira, a través do procedemento de concurso-oposición, e publicado no BOP de A Coruña nº 171, de 14 de outubro de 2020.

Segundo a proposta do Tribunal designado para este proceso selectivo, elevada a esta Alcaldía-Presidencia con data 14 de setembro de 2021.

Visto o escrito presentado en data 17 de novembro de 2021 no Rexistro deste Concello (nº rexistro: 202199900006931), por D<sup>a</sup>. María Fernanda Montero Carré con DNI: 32780889R, comunicando a elección de destino como Técnica de Administración Xeral de Contratación, Bens e Patrimonio e Responsabilidade Patrimonial a fin de que se proceda á adxudicación con carácter definitivo. Por todo o exposto,

## RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Proceder ao nomeamento de D<sup>a</sup>. María Fernanda Montero Carré, con DNI.- 32780889R, en réxime de funcionaria de carreira, do posto de Técnica de Administración Xeral adscrita a Contratación, Bens e Patrimonio e Responsabilidade Patrimonial, con data de efecto do vindeiro 1 de decembro de 2021.

**SEGUNDO.-** Dar traslado da presente Resolución ao departamento de Persoal para que procedan segundo os trámites oportunos.

En Arteixo, asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente D. Carlos Calvelo Martínez, do que eu, D. José María Vázquez Pita, como Secretario Xeral, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).